

expediente ambiental. Posteriormente, na reunión do 29 de decembro de 1992, a Comisión Galega de Medio Ambiente resolve informa-lo favoravelmente. Citan-se as alegacións, mas non se tiveron en conta para nada.

Saltar-se a lexislación ambiental

As irregularidades anteriores significan un absoluto desprécio pola lexislación ambiental. Na Declaración de Impacto Ambiental, a autoridade ambiental pode e deve introducir as modificacións que estime necesarias á proposta de proxecto técnico. É isto posíbel se previamente se tiña axudicada a cosntrucción da planta?

Se o requerimento desta avaliación está restrinxido de partida a un pequeno número de actividades, se os estudos de impacto ambiental son realizados ou contratados polo próprio interesado na construcción do proxecto, e se a deficiéncia técnica dos mesmos é o rasgo mais salientábel, para facer mais irrisório e totalmente inoperativo este proce-dimento de controle ambiental só faltava que se incumpra a própria letra da lei.

O impacto ambiental

Adega denunciou reiteradamente o impacto ambiental que esta planta, en realidade un CEMITERIO DE RESIDUOS TOXICOS E PERIGOSOS, vai ocasionar no meio dunha ampla comarca. As emisíons gaseosas tóxicas (cloruro de cianóxeno), as substancias tóxicas presentes nos efluentes residuais, as posíveis fugas e roturas de depósitos, amiazan con destruir o bosque e contaminar as águas superficiais e subterráneas da zona.

A alternativa é viável: reducir a produción e reciclar todo o reciclável, que entre os RTP é muito. ■

(1) Recordemos o recente abandono por Celbi do proxecto de plantacións de eucaliptos no Irixo e Alto do Paraño. A pesar das inversíons realizadas, estas plantacións xa non son rendíveis para as transnacionais da celulosa. Serán rendíveis para os labregos os miles de hectáreas plantadas nos últimos anos en toda a Galiza?.

AS MEDIAS VERDADES CIENTÍFICAS SOBRE O DESASTRE ECOLOXICO DO "MAR EXEO"



Manolo R. Bermejo

Catedrático de Química Inorgánica
da Universidade de Santiago de Compostela

Vai xa para dous meses desde o encallamento do petroleiro Mar Exeo ós pes da Torre de Hércules e parece como si as autoridades estiveran interesadas en calar o tema, como si nada tivese ocurrido. Os que estamos pola defensa do medio ambiente non podemos esquenecer este tremendo desastre ecoloxico, e o tempo pasado é xa dabondo como para analisar con mais vagar e obxectividade o acontecido.

De entrada sinalar que a verdade é decote mais revolucionaria ca mentira e dado que, citando a Gramsci "as medias verdades son as peores mentiras" compre desenmascarar tanta media verdade como neste tema se leva falado.

Pasarei por riba da maioría das medias verdades vertidas polos políticos e somentes analisaréi as súas medias verdades científicas. Non podo nem bargantes deixar de falar da catástrofe do percance. Non se remata de entender o afán das autoridades por negar as evidencias do desastre ecoloxico que se produciu. Cando o percance do Exxon Valdez en Alaska todos falamos do desastre, e era somentes un derrame de petróleo que non chegaba a 50.000 Tm de cru, estos días estase a falar do desastre ecoloxico das illas Setland e derramouse 80.000 Tm de cru. ¿Por qué as autoridades locais e estatais están tan interesadas en nega-la evidencia do desastre ecoloxico que representou o encallamento, combustión e derrame das 79.000 Tm de cru que transportaba o Mar Exeo?

As medias verdades científicas:

Dado que as autoridades políticas non teñen porqué saber de ciencia e lóxico pensar que contén con asesora-

mento do personal cualificado. No chamado Gabinete de Crise, ¿contouse coa Universidade? Os meus datos dicen que non. Eso sí, xa se falou da "creación dun comité científico que investigará" o contorno das zonas danadas...; pero a posteriori.

Entrementres, ¿que se dixo como medias verdades científicas?

1º- A contaminación está controlada, xa prácticamente non hai contaminación.

E certo que externamente o aspecto do mar, e das praias, vai mellorando e que parece como si nada pasara; pero pasou. Houbo un desastre ecoloxico. Vertéronse e arderon 79.000 Tm de petróleo. A contaminación está ahí.

a) A contaminación é un problema que afecta localmente, pero sobor de todo globalmente ó ecosistema.

b) A combustión de mais de 50.000 Tm de cru orixinou unha mesta nube de gases tóxicos CO₂, CO, NO_x, SO₂, hidrocarburos aromáticos cancerígenos,..., etc que están na atmósfera. O seu efecto na atmósfera manifestarase como incrementos de: o efecto invernadoiro, as choivas ácidas, a incidencia sobre o chamado cambio climático..., etc. A combustión arrastró cinzas, petróleo e chapapote que chovéu ó longo do camiño seguido polo penacho gaseoso sobor de animais e campos contaminando a agricultura e a gandeiría da zona.

c) Formouse a marea negra contaminando non menos de 100 Km de costa - segundo as autoridades- e prácticamente toda a plataforma continental que lle corresponde.

d) As mareas negras non se contro-

As mareas negras non se controlan nin desaparecen da noite para a mañán.

lan nin desaparecen da noite para a mañán. Se prácticamente non se ve xa marea negra ¿qué pasou?

O petróleo que transportaba o Mar Exeo era do mar do Norde, do tipo Brent con moitos hidrocarburos lixeiros. Cando ardeu este petróleo unha grande

tida a seguridade de toda a poboación.

A ignorancia e a necedad son primas-irmáns e en ciencia ou se fala con propiedade ou se dicen as maiores tonterías. Decir que a nube producida pola combustión do petróleo non é tóxica é unha necedad.



Non se remata de entender o afán das autoridades por negar as evidencias do desastre ecoloxico que se produciu.

parte sofreu o proceso de combustión e outra evaporouse, ficando no mar os compoñentes mais pesados (breas, alquitráns, betúns,...) esta fracción de petróleo é a que, axitada polo mar, se dispersou constituindo a marea negra.

Pero, ¿cómo se trata unha marea negra para controlala? As medidas como a inflamación ou combustión, a utilización de axentes adsorventes e afundidores, ou de axentes dispersantes, teñen a funcionalidade de trasladar a contaminación a outras fases (atmósfera, fondo mariño) ou de dispersala en masas de agua cada vez mais extensas. Con elo, a contaminación vai deixando de verse, pero o petróleo, os seus componentes tóxicos, permanecen ahí.

2º O petróleo non é tóxico.

Xa, claro, por eso o petróleo pódese beber e mesmo un pódese bañar nel.

Aclaremos que o petróleo está integrado por unha xeira de compostos químicos orgánicos con maior ou menor toxicidade; pero todos eles tóxicos. Mesmo resulta perigoso o respirar por moito tempo nunha atmósfera pechada, particularmente se o petróleo é do tipo Brent, que contén unha alta proporción de hidrocarburos volátiles. Entre estos hidrocarburos volátiles compre sinalar que existen algúns aromáticos con coñecida actividad canceríxena.

3º A nube non é tóxica e está garan-

Sinalemos en primeiro lugar o efecto contaminante dos productos derivados da combustión do petróleo, dos que xa falamos, e suliñemos que, algúns deles, son fortemente tóxicos (NO_x, SO₂, CO, algúns hidrocarburos volátiles canceríxenos, etc).

En segundo lugar foi un milagre que o vento levara a nube tóxica polo lugar onde menos problemas podía causar á poboación. ¿Qué tería pasado si o vento rola un chisco ó sur e a nube tóxica entra de cheo na cidade de A Coruña? Estos gases producen: afeccións respiratorias, dermatite, convuntivite, problemas canceríxenos por acumulación e, si a concentración e outa, pode producir a morte por asfixia. ¿Cal sería o efecto destes gases sobre os asmáticos, os nenos e a xente maior?

Evidentemente foi milagroso que, diante da imprudencia de permitir a formación dessa nube tóxica, non houbera ningunha desgracia personal.

4º Non se engadiron dispersantes para combater a marea negra.

Non debo dubidar desta afirmación, pero como científico, diante da evidencia, cando menos debo plantear preguntes.

— E certo que cáuse que non se ve marea negra, ¿u-lo foi?, non poido desaparecer. Dos métodos a utilizar no seu tratamento, ¿cal se empregou?

— Todos temos coñecemento do

tipo de escuma que presentaba o mar na costa, nas boca-ribeiras e nas praias. ¿Qué producto químico orixinou esa escumación tan semellante á que producen os dispersantes? O efecto batidora do mar orixina escumas de tipo moi distinto, non do tipo chamado "mousse de chocolate".

— Pódese ir á praia do Orzán e ver como brillan as rochas, ¿quén as lavou e con qué? O mar, como sabemos, tarda meses en dixerir o petróleo; a limpeza cun cepillo de púas de aramio raña a rocha non lle dá brillo. Somentes os deterxentes fan brillar as cacerolas ó lles saca-la graxa.

Non, as autoridades din que non se engadiron dispersantes; pero estas preguntas fican sin resposta.

5º As praias da Coruña estarán este ano mais limpas ca endexamais.

Aparentemente esta afirmación pode parecer correcta, pode que a praia pareza limpa; pero este non é o término científico a empregar; debemos falar de praias tratadas e estabilizadas, non de praias limpas.

A idea non é só limpar as areas superficiais, as pedras e o lixo; con retirar a contaminación da vista dos cidadáns e levala a un vertedero de lixo non abonda. E ben sabido que o petróleo filtrase ó traveso das areas e pódese atopar a mais de 30 cm da superficie (no desastre do Exxon Valdez chegouse a atopar petróleo a 1.50 m. da superficie). Polo tanto as praias non somentes hai que limpalas, compre tratalas e estabilizadas ou do contrario en pouco tempo o petróleo aboiará estragando de novo as praias.

Quero rematar estas ideas falando de algo que, ata agora, as autoridades non tocaron. E o tema da salubridade das augas mariñas e o seu efecto sobor dos bañistas. As pequenas pero perceptibles capas de petróleo nas augas, os productos da degradación natural ou artificial do petróleo, os compostos químicos empregados no tratamento das mareas negras, afectarán, en maior ou menor medida, ós futuros bañistas. Os efectos de todos estes productos sobre o corpo humán son ven coñecidos: os que traguen auga destas praias, afeccións estomacais e incremento nas diarreas; para os que somentes se bañen afeccións externas na forma de dermatites, convuntivite, etc.

Unha última consideración; este desastre ecolóxico escomenzou, ¿Cando se producirá outro nas nosas costas?. A resposta desgraciadamente é xa sabida. Axiña. ■